



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D. Pablo Rivera Capón

D. Iván Castro Díaz

D. Carlos López López

D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e nove de agosto de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto e os señores deputados don Miguel Fernández Méndez e don Xosé María Arias Fernández.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	1/39



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de agosto de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS TRACTORES E MAQUINARIA DA GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento e reparación dos tractores e maquinaria da Granxa Gayoso Castro, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TWKR3NEE5VSR24T4M6JJ6EY.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TS7I2PYXL52POWZPGM3YVGL.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7T5UK33R7TJ6VOYNPQARTSBY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H5TAN2F5JX5E7YYEBGIPON4.
5. Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TY7XCZVR6TX54QPWUA7SWAY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación do servizo de mantemento e reparación dos tractores e maquinaria da Granxa Gayoso Castro.

2º.- Aprobación do contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o criterio que se recolle para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	2/39	



3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 14.876,03 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.123,97 €, o que fai un total de 18.000,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 4120.213, segundo consta no informe de consignación da Intervención, financiándose conforme as seguintes anualidades:

APLICACIÓN	ANUALIDADE 2025	RC	ANUALIDADE 2026	RC
4120.213	2.479,34 (+ 520,66 IVE)	22025/22641	12.396,69 (+ 2.603,31 IVE)	220259/357

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2026 a cantidade indicada na aplicación
sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MECANIZADOS DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	3/39



“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos de mecanizados do Parque Móbil Provincial, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TQ2IYBIFJ574Y6QIB4YXT4E.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TSP33PVBCZSE5BV5QGEL76A.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7T5UKL3V5L7LP4BVIXEFZBA4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TY7X7FM757CZKU5HR6B7DIU.
5. Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TY73IN4B43DV4CUVNA4HGL4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de mecanizados do Parque Móbil Provincial. 2025/CON_02/000091.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o criterio que se recolle para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 17.355,37 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.644,63 €, o que fai un total de 21.000,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 9201.213, segundo consta no informe de consignación da Intervención, financiándose conforme as seguintes anualidades:

APLICACIÓN	ANUALIDADE 2025	RC	ANUALIDADE 2026	RC
9201.213	3.000,00	22025/22777	18.000,00	220259/360

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	4/39





Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2026 a cantidade indicada na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: PALAS DE REL.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K. 35+180 a 35+996.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PALAS DE REL.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K. 35+180 a 35+996, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7TUCBCADV35BFC25FDE4B7L4.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TUCBMNR4LRBOJQAGNOFATIA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7TUCBMCE753LB5CBQB4ESXA4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7TUCBNL3WJ6VGZSXXTJ4CWEY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TUICPMFES6VFTSYF5AQRQOE.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7T7TS5PPXTTCZYUIVEP3XAIE.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7T7TSSCAZZ3RJNCLQG53QUEM.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4		Página	

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K. 35+180 a 35+996, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 94.774,00 €, dos cales 16.448,38 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA EXCLUSIÓN DE LICITADOR E DECLARACIÓN DE DESERTO DE OBRAS.

Proposta en relación coa contratación da obra: MONFORTE DE LEMOS.- Consolidación e reparación de muro estrutural no Pazo de Tor.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19/08/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SWPR52AVCTD7TRQFC3DCY¹.
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas redactado pola Arquitecta Belén López Gallego.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	6/39





- | | | | | |
|---|-------------|----------------|-----------------------|-------|
| MONFORTE DE LEMOS.- CONSOLIDACIÓN E REPARACIÓN DE MURO ESTRUCTURAL NO PAZO DE TOR | | CLASIFICACIÓN: | | K-8-1 |
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 78.949,86 | | | |
| LCITACIÓN SEN IVE | 65.247,82 | 13.702,04 | IVE. PARTIDA INDEPEND | |
| VALOR ESTIMADO | 71.772,60 € | | | |
| PAZO DE EXECUCIÓN: | 6 MESES | MAX | S/ LIC. SEN IVE | |

EMPRESAS/ (GRUPO)				DOC "A"	OBJETIVOS (100)			1.304,96 €	CRITERIO DESEMPATE
					PREZO (IVE incluido - art 102) (60)	AUMENTO GARANTIA (30)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (10)		Plantel / Discapacitados
1	MEDIOAMBIENTAL	LICENSE SLU			74 593,86 €	3 AÑOS	1 050,00		3/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS/ (GRUPO)			OBXECTIVOS (100)						TOTAL
			PREZO (60)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA ANOS (30)		PROGRAMA DEDICACIÓN OBRAS (10)		
							MAXIMO 2% LIC SEN IVE €	1.304,96 €	
			OFERTA (INCLUIDO IVA)		2-3;15-30				
1			PTOS	2-3	PTOS	IMPORTE	PTOS		
1	MEDIOAMBIENTAL LICENSE SLU	74.593,86 €	60.00	3 AÑOS	30.00	1.050,00	10.00	100.00	

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	7/39



De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	
		Oferta	
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU	74.593,86 €	BAIXA 59.212,40

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS/ (GRUPO)		TOTAL
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU	100,00

b) Requirir á mercantil Medioambiental Lucense SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 3.082,39 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

11. Resolución da Presidencia de data 07/05/2025, con CSV: IV7SYKT3H36D4SUOAV5B4LSC4I, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Medioambiental Lucense SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

12. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 09/05/2025, rematando o prazo de presentación o día 23/05/2025.

IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4		Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	8/39





13. A mercantil Medioambiental Lucense SL, presentou a documentación requirida o 23/05/2025 a través da plataforma de contratos do sector público, dando traslado ao Servizo de Arquitectura a fin de informar sobre o cumprimento da solvencia técnica.

14. Pola Xefa do Servizo de Arquitectura emítese informe no que na súa parte conclusiva indica "... non se considera suficiente porque non hai ningunha obra que se poida encadrar no subgrupo de clasificación "K7 Restauración de inmuebles histórico artísticos (...)", elevándose o indicado informe, xunto co resto de documentación a estudo da mesa de contratación.

15. A Mesa de contratación, reunida en data 31/07/2025, a vista do informe emitido pola Xefa do Servizo de Arquitectura, relativo á non suficiencia da solvencia técnica presentada pola mercantil Medioambiental Lucense SL, e tendo en conta o establecido no PCAP, acordou conceder un prazo de 3 días para a emenda da documentación presentada.

16. Durante o prazo outorgado a mercantil Medioambiental Lucense SL non presentou emenda da documentación sinalada.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento inicial e á solicitude de emenda, de ser o caso, e a súa cualificación, compróbase que a empresa Medioambiental Lucense SL non presentou a documentación a emendar requirida, polo que tendo en conta o informe emitido pola Xefa do Servizo de Arquitectura, relativo á non suficiencia da solvencia técnica presentada pola mercantil Medioambiental Lucense SL, para a licitación MONFORTE DE LEMOS.- Consolidación e reparación de muro estrutural no pazo de Tor. (2025/CON_02/000034).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade, elevar ao órgano de contratación:

a) A exclusión do procedemento de adxudicación do contrato á mercantil Medioambiental Lucense SLU, por non acreditar, en base ao informe do Servizo de Arquitectura, a solvencia técnica e profesional necesaria para a licitación e execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	9/39	

b) A devolución/cancelación da garantía/aval presentado pola mercantil Medioambiental Lucense SLU, por importe de 3.082,39€ para a indicada obra. (Operación 320250006610 de data 28/05/2025).

c) Declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha outra empresa, elevando a Acta ao órgano de contratación e remitir ao Servizo de Arquitectura o expediente aos efectos oportunos.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Excluir do procedemento de adxudicación do contrato á mercantil Medioambiental Lucense SLU, por non acreditar, en base ao informe do Servizo de Arquitectura, a solvencia técnica e profesional necesaria para a licitación e execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

2º.- Acordar a devolución/ cancelación da garantía/ aval presentado pola mercantil Medioambiental Lucense SLU, por importe de 3.082,39 € para a indicada obra. (Operación 320250006610 de data 28/05/2025).

3º.- Declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha outra empresa, e remitir ao Servizo de Arquitectura o expediente aos efectos oportunos, dando traslado á Intervención.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: O SAVIÑAO-PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A)- Currelos (LU-611)" P.K. 12+000 a 12+980, reposición de marcas viais, P.K. 6+165 a 11+020 e rehabilitación superficial por tramos en LU-P-3202 "Monforte- Currelos (LU-611)" e LU-P-3208 "Seoane (LU-617)- Cinsa- Pol (LU-P-0901).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19/08/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"(...)

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	10/39	



Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SYQJPPE64WSZJUEGRO3XOAM².
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas con CSV: IV7SYQJPYE0IR3JOCAGVEI3AOI.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7SYCQOFMNLVC42WAP5ALXE4A.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7S2WP6AEJ3ZGEPUQQD4HQXAA.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7S2WP4PEUIJP6Z2MNM6BCTMQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7S2XDNFF5MVKJK6TYVGURAE4.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 16/05/2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7S2LC2KBF45NM64UHREVKR44.
8. Publicación, o día 16/05/2025, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/06/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7TUTRINM7Z7CJOARI4GRPRJ4.
11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7TRS7C3IUSX3O3ZRMMAAIF4E, reunida en acto público con data 18/07/2025, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	12,50
------------------------	-------

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	11/39	

O SAVIÑO - PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A) - Currelos (LU-611)" p.k. 12+000 a 12+980, reposición de marcas viais, p.k. 6+165 a 11+020 e rehabilitación superficial por tramos en LU-P-3202 "Monforte - Currelos (LU-611)" e LU-P-3208 "Seoane (LU-617) - Cinsa - Pol (LU-P-0901)

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

118.891,78

CLASIFICACIÓN:

G-4-1

LCITACIÓN SEN IVE

98.257,67

20.634,11

IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

108.083,44 €

PRAZO DE EXECUCION:

3

MESES

MAX

1.965,15 €

S/ LIC SEN IVE

EMPRESAS / (GRUPO)			DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
				PREZO (IVE incluído.- art 102) (57,50)	MELLORAS (SUPER FRESAR E ESTENDIDO (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL			118.000,00 €	0	NO	100,00	11/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBJETIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)		TOTAL
			PREZO (57,50)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)		
			OFERTA (INCLUIDO IVA)		SUPERFICIE FRESAR E ESTENDIDO MBQ		SI /NO 7,5 /0		MAXIMO 2% LIC SEN IVE	1.965,15 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
		PTOS	METROS2	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS				
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	118.000,00 €	57,50	0,00	0,00	NO	0,00	100,00	5,00	12,50	75,00		

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	Oferta 118.000,00 €

BAIXA

89.168,84

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS/ (GRUPO)	TOTAL
1 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	75,00

b) Requerir á mercantil Fevisa Vías y Obras SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a

IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4		Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4		Página 12/39





documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.876,03 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Resolución da Presidencia de data 29/07/2025, con CSV: IV7TSMJ2B47QJWU47Q7DCEZODY, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Fevisa Vías y Obras SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

13. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 01/08/2025, rematando o prazo de presentación o día 18/08/2025.

14. A mercantil Fevisa Vías y Obras SL, presentou a documentación requirida o 08/08/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Fevisa Vías y Obras SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	13/39	

mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 a contratación da obra denominada O SAVIÑAO- PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N120A)- Currelos (LU-611)” P.K. 12+000 a 12+980, reposición de marcas viais, P.K. 6+165 a 11+020 e rehabilitación superficial por tramos en LU-P-3202 “Monforte- Currelos (LU-611)” e LU-P-3208 “Seoane (LU-617)- Cinsa- Pol (LU-P-0901). (2025/CON_02/000028) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 16/05/2025, nos termos seguintes:

- a. Prezo de 118.000,00 €, dos cales 20.479,34 € corresponden ao IVE (21%).
- b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00 € mais IVE.
- c. Cumprimento da oferta técnica.
- d. Prazo de execución: 3 meses menos 5 días (previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 a contratación da obra denominada O SAVIÑAO- PANTÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4102

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

NAVIA DE SUARNA.- Rehabilitación de firme LU-P-3506 "Louxas (LU-P-1901) – Límite provincial Asturias (Valdeferreiros)", p.k. 0+000 a 4+483
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) 327.556,28 CLASIFICACIÓN: G-4-2
LCITACIÓN SEN IVE 270.707,67 56.848,61 IVE. PARTIDA INDEPEND
VALOR ESTIMADO 297.778,44 €
PRAZO DE EXECUCIÓN: 3 MESES MAX 5.414,15 € S/ LIC SEN IVE

EMPRESAS/ (GRUPO)		DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (57,50)	MELLORAS (cuneta) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plante/ Discapacitados
1	HORDESCÓN SL		324.772,05 €	5	NO	0,00	17/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	27/39



EMPRESAS / (GRUPO)			OBXECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)	TOTAL
			PREZO (57,50)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)	
			OFERTA (INCLUIDO IVA)		CUNETA REVESTIDA FORMIGON		SI / NO 7,5 / 0		MAXIMO 2% LIC SEN IVE	5.414,15 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
				PTOS	METROS	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS	
1	HORDESCÓN SL		324.772,05 €	57,50	5,00	10,00	NO	0,00	0,00	0,00	13,25	80,75

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1 HORDESCÓN SL		324.772,05 €
		BAIXA 245.667,21

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS/ (GRUPO)	TOTAL
1 HORDESCÓN SL	80,75

b) Requerir á mercantil Hordescón SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 13.420,33 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Resolución da Presidencia de data 29/07/2025, con CSV: IV7TSMJ3FEUITNF5XROTCQ2S74, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Hordescón SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a

IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4		Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	28/39





documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

13. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 01/08/2025, rematando o prazo de presentación o día 18/08/2025.

14. Hordescón SL, presentou a documentación requirida o 14/08/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Hordescón SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Hordescón SL con C.I.F. B-32108334 a contratación da obra denominada NAVIA DE SUARNA.- Rehabilitación de firme LU-P-3506 "Louxas (LU-P-1901- Límite provincial Asturias (Valdeferreiros)", P.K. 0+000 a 4+483 (2025/CON_02/000064) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 13/06/2025 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 324.772,05 €, dos cales 56.365,40 € corresponden ao IVE (21%).
- b. Melloras de obra consistentes en 5 m de cuneta revestida, coas características indicadas no PCAP.
- c. Cumprimento da oferta técnica.
- d. Prazo de execución: 82 días naturais. (segundo oferta da adxudicataria)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	29/39	

LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, diminución do prazo de execución, de ser o caso; e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Hordescón SL con C.I.F. B-32108334 a contratación da obra denominada NAVIA DE SUARNA.- Rehabilitación de firme LU-P-3506 “Louxas (LU-P-1901)- Límite provincial Asturias (Valdeferreiros)”, P.K. 0+000 a 4+483 (2025/CON_02/000064) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 13/06/2025 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 324.772,05 €, dos cales 56.365,40 € corresponden ao IVE (21%).
- b. Melloras de obra consistentes en 5 m de cuneta revestida, coas características indicadas no PCAP.
- c. Cumprimento da oferta técnica.
- d. Prazo de execución: 82 días naturais. (segundo oferta da adxudicataria)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, diminución do prazo de execución, de ser o caso; e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	30/39	



notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN Nº 4/2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Recurso especial en materia de contratación nº: 4/2025.

Emítese o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito.

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:

Expediente administrativo, así como as actas referidas ás diferentes mesas de contratación celebradas ata chegar á adxudicación do contrato.

Recurso fronte os pregos por parte da Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas y sanidad ambiental ANECPA. interposto o 10 de xuño de 2025.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	31/39	

Informe da unidade xestora con CSV: IV7TYUP23VJJ7JM36JEQJYBFMQ, sobre as cuestións plantexadas no recurso.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable.

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

Consideracións.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.

Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A) Dende o punto de vista formal.

Consta a lexitimación da recorrente a teor do disposto no art. 48 da LCSP e a interposición en prazo considerando a publicación do expediente o 21 de maio de 2025.

B) Respecto do fondo.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as súas alegacións requiriuse informe da unidade xestora que emitiu con csv : IV7TYUP23VJJ7JM36JEQJYBFMQ sinalando:

“A xuízo de quen subscribe procede desestimar o recurso sinalado xa que a licitación que nos ocupa atópase por razóns técnicas e de oportunidade na excepción permitida pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, entre outras cuestións polo xa exposto na memoria técnica co IV7S22ACDMGJZ5HPZUPBAM2B44.

No citado documento técnico xa se indicaba que no caso de proceder á división en lotes o importe resultante dalgunha das prestacións resultaría moi baixo, xa que queda de manifesto no citado expediente de contratación, que algunha das prestacións da licitación son accesorias as prestacións que o recorrente pretende dividir en lotes. Esta cuestión si afectaría á licitación de xeito negativo, podendo quedar desertas algunhas das prestacións obxecto de contratación, ven pola contía económica ou ben por ser pouco atractivo para as licitadoras pola localización do centro (dispersión territorial). Notar que deixar sen adxudicataria algunhas das prestacións, afectaría de xeito moi negativo aos centros, ao ser centros de atención a

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	32/39	



persoas maiores, que non poden estar sen cubrir debidamente estas accións por razóns de seguridade sanitaria.

Para maior abastanza lembrárase as características técnicas dos centros, as cales farían máis difícil e complexa o labor de control por parte da persoa responsable do contrato e da empresa, así como da persoa responsable de cada centro. A xeración de múltiples contratistas incrementaría o número de desprazamentos do persoal de mantemento da Deputación de Lugo e tendo que quizais ampliar a planilla de persoal destinado a a estas funcións, co custe que isto supón, incrementando así o orzamento destinado a mantemento dos edificios, e tendo en conta a natureza das prestacións obxecto da contratación, polo que non sería viable de xeito técnico poder chegar a ter 27 contratistas diferentes coa dispersión territorial que presentan os CAMS. Non se esquecerá o control de acceso nos centros de obrigado cumprimento, así non é igual cando intervéñen unha mesma empresa responsable para levar a cabo actividades relacionadas entre si, tanto para os labores de comunicación, como de execución e coordinación, que cando son entidades xestoras diferentes.

Neste caso a non división en lotes permitirá unha economía de escala, da cal se favorecerá cada un dos Centros, e, polo tanto, a Deputación de Lugo e o interese xeral da provincia de Lugo, por ser as prestacións parte dun servizo público, obtendo mellores condicións para centros menos atractivos, á vez que se xera maior volume de negocio á adxudicataria, todo elo sen prexudicar á concorrència das PEME e MICROPEMES, senón favorecendo á concorrència das mesmas, tendo en conta que un dos obxectivos da Lei 9/2017 é fundamentalmente lograr unha mellor relación calidade-prezo nos servizos, prestacións, etc., así como unha maior transparencia, cuestións que se respectan no prego.

A división en lotes prexudicaría a correcta satisfacción do obxecto contractual o que debe ser obxecto de estrita observancia considerando que se dirixe a un colectivo sensible de especial protección como son os maiores o que encaixa na excepción da lei cando sinala no seu artigo 99.3 b “risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións.”

Polo exposto, e en aras á protección dos CAM's, tendo en conta a súa natureza socio-sanitaria, a súa dispersión e afastamento territorial ao longo da Provincia de Lugo e seguindo criterios técnicos considerouse a opción máis eficiente, eficaz e conforme á

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	33/39	

norma fora a licitación conxunta (non dividida en lotes) co obxecto de garantir a prestación dos servizos en todos os centros de atención a persoas maiores que xestiona a Deputación de Lugo, sen discriminación por territorio onde se localizan e a favor dunha economía de escala, mantendo neste momento o mesmo criterio inicial recollido na memoria técnica da licitación que nos ocupa.”

Do dito informe, pode desprenderse o cumprimento do artigo 99 da LCSP , ó encaixar a motivación da unidade xestora con aqueles supostos nos que se permite a non división en lotes do contrato, amentadamente co previsto no artigo 99.3 b.

Tal e como sinala o TACRC na resolución 1201/2018, “No obstante, el órgano de contratación goza de discrecionalidad técnica a la hora de aplicar el criterio que mejor se ajuste a sus necesidades en orden a la división del contrato en lotes”

Igualmente, se estima conforme a actuación administrativa dacordo coa moi destacable e por todas , resolución ^o 1518/2024 (con cita de moitas outras) por canto valida motivos análogos os esgrimidos no presente expediente da Deputación de Lugo en correcta aplicación do repetido artigo 99.3 b , con cita asimesmo da resolución de ese Tribunal 676/2024, “En realidad, no se trata de una falta de justificación de la no división en lotes, sino una cierta discrepancia del recurrente en cuanto a la argumentación expuesta por el órgano de contratación negando la división en lotes, pero, en este sentido, las razones expuestas por éste nos parecen razonables y debidamente motivadas, así como amparadas, además, en la discrecionalidad técnica, como exponíamos en la resolución 984/2022.”

2.- Respecto da solicitude de suspensión.

Entendemos que a teor do informado non procede acordar a mesma considerando que non existe infracción da norma , ponderando o maior prexuízo para o interese público que xeraría a paralización do procedemento cando se trata de garantir a saúde e calidade de vida dos usuarios dos centros de maiores.

3.- Por tanto, propónse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.-Que procedería a desestimación do recurso por considerar que administración observou o disposto na LCSP (art. 99 da LCSP) resultando motivada a non división en lotes.

2º.- Que non procedería suspender a tramitación ó teor do informado.

3º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU , xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	34/39	



8.- PROPOSTA DE PROBABACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN Nº 5/2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación nº:5/2025.

Emítese o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito.

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:

Expediente administrativo, así como as actas referidas ás diferentes mesas de contratación celebradas ata chegar á adxudicación do contrato.

Recurso fronte os pregos por parte Confederación Intersindical Galega CIG. interposto o 22 de xullo de 2025.

Informe da unidade xestora con CSV:V7TYUP5LRUYTROY4WNKZKPKU, sobre as cuestións plantexadas no recurso.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable.

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

Consideracións.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	35/39	

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.

Asimismo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A) Dende o punto de vista formal.

Consta a lexitimación da recorrente a teor do disposto no art. 48 da LCSP e a interposición en prazo considerando a publicación do expediente o 11 de xullo de 2025.

B) Respecto do fondo.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as súas alegacións requiríuse informe da unidade xestora que emitiu con csv : V7TYUP5LRUYTROY4WKNZKPKU sinalando:

“que dende a Unidade de Coordinación e Xestión Territorial, para dar cumprimento ao artigo 130 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, solicitouse o 2 de xullo de 2025 información sobre as condicións dos contratos dos traballadores afectados pola subrogación á empresa adxudicataria do contrato de Conservación da zona 5 nese momento, Construcciones Carballeira SL que o 7 de xullo de 2025 recibíuse contestación da empresa coa información solicitada, que foi incluída no anexo do prego da nova licitación que a empresa adxudicataria da zona 5 do contrato licitado no ano 2024, Construcciones Carballeira SL, en vigor na data de preparación da documentación para a licitación da contratación do servizo para os anos 2025-2027, é a única que opta á adxudicación na actual licitación, polo que coñece as condicións contractuais do persoal subrogable.”

Do dito informe, pode desprenderse o cumprimento do artigo 130 da LCSP , así como a publicación da información remitida polo contratista na plataforma de contratos como pode verificarse no seguinte enlace:

<https://contrataciondelestado.es/FileSystem/servlet/GetDocumentByIdServlet?DocumentIdParam=snT9YXS7/hpYpPUsBD3KaD2QJRiQj9CCJscppcyD5p262hXZFesGaaz8z82EySTCHGIH5q8LzHFA9tg0HPUyx4ZIQtnGA1T4PlqaAop4AUK1aXEvq3KHa/AEHgtDrQw0&cifrado=QUC1GjXXSiLkydRHJBmbpw%3D%3D>

Finalmente pode comprobarse que non existe potencial afección de dereitos de terceiros ó coincidir a razón social do actual empregador e a do único licitador presentado ó dito lote.

2.- Respecto da solicitude de suspensión.

Entendemos que a teor do informado non procede acordar a mesma considerando que non existe infracción da norma nin potencial prexuízo para o recorrente,

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	36/39





ponderando o maior prexuízo para o interese público que xeraría a paralización do procedemento.

3.- Por tanto, proponse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procedería a desestimación do recurso por considerar que administración observou o disposto na LCSP (art. 130 da LCSP) e facilitou consecuentemente dita información ós licitadores.

2º.- Que non procedería suspender a tramitación ó teor do informado.

3º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU, xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO, E DO MODELO DE ANEXO DA VI COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA PARA O ANO 2025.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto que a VI Copa Deputación de Fútbol Sala, supón unha actuación relevante e de importancia na promoción e fomento do deporte do fútbol sala e por extensión do deporte de base provincial, facendo efectivas as competencias da Deputación de Lugo no apoio ao desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito territorial dos distintos concellos lucenses.

Visto que a VI Copa Deputación de fútbol sala é unha competición organizada pola Federación Galega de Fútbol e dirixida segundo as bases de FUTGAL a todos aqueles equipos da provincia de Lugo das categorías:

SÉNIOR FEMININO.
PREFERENTE FUTGAL FEMININA F.S.
1ª FUTGAL FEMININA F.S.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	37/39	

SÉNIOR MASCULINO.
PRIMEIRA DIVISIÓN.
TERCEIRA DIVISIÓN F.S.
PREFERENTE FUTGAL MASCULINA F.S.
SEGUNDA DIVISIÓN:
1ª FUTGAL F.S.
2ª FUTGAL F.S.

Visto que o carácter desta competición é oficial, con organización a cargo da Federación Galega de Fútbol.

Visto que a competición consta de varias fases e que aos equipos participantes na VI Copa Deputación, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial lles aboará como premio polos seus méritos deportivos na competición cantidades económicas en concepto de premio e de acordo cos criterios establecidos e en base ás normas de competición definidas por FUTGAL, polos resultados deportivos logrados por cada un dos participantes en función dos partidos efectivamente disputados, eliminatorias superadas e respectivas finais.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o Informe favorable do servizo de Contratación conformado por Secretaría Xeral.

Visto o informe de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases de participación e asignación de premios da VI Copa Deputación de Fútbol Sala de aplicación a premios da anualidade 2025.

2º.- Aprobación do gasto destinado a premios correspondentes por un importe total de 25.050,00 € (vinte e cinco mil cincuenta euros) para os efectos do respectivo reparto de premios, con cargo á aplicación 3410.481 do vixente orzamento da anualidade 2025.

3º.- Aprobar o modelo de anexo de participación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAGB4	Página	38/39





11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Fecha y Hora	03/09/2025 13:30:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TYOIODJ557WJJQNAQKAQGB4	Página	39/39	